



BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DE UN (1) PEÓN/PEOA FORESTAL PARA O CONCELLO DA MERCA (OURENSE) AO ABEIRO DAS AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2024-25, DURANTE 9 MESES, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de (1) peón/peoa forestal, durante 9 meses segundo a Resolución da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (núm. de expediente TR351G 2024/016) notificada ao Concello de A Merca, con data 11 de xullo de 2024 (RE núm. 2024-E-RC-770) ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023, DOG nº 17, do 24 de xaneiro de 2024, a xornada completa, baixo a modalidade contractual de contrato de traballo temporal, coas cláusulas específicas de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, para que preste os seus servizos no Concello de A Merca.

As funcións a desenvolver serán as seguintes:

- Silvicultura
- Biomasa
- Limpeza de montes
- Tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa
- Calquera outro acto de natureza similar non relacionado que sexa ordenado pola autoridade municipal co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

2. NÚMERO DE TRABALLADORES A CONTRATAR, CARACTERIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.

2.1.-NÚMERO DE TRABALLADORES A CONTRATAR:UN (1)

2.2.-CARACTERIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO

- TIPO DE CONTRATO: Contratos vinculados a programas de activación para o emprego. Contratos temporais de interese social Contrato de conformidade coa Disposición Adicional Novena da Lei de Empleo (Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro) - Contratos vinculados a programas de activación para el emprego- neste caso trátase dos modelos de contrato para a mellora da ocupabilidade e para a inserción laboral (códigos 405/505 para contratacións a tempo completo e a tempo parcial, respectivamente).
- OCUPACIÓN:PEÓN FORESTAL
- GRUPO DE COTIZACIÓN: 10
- TIPO DE XORNADA: Completa.
- DURACIÓN DEL CONTRATO: 9 M
- RETRIBUCIÓN: 1.323,00 euros brutos ó mes (incluídos tódolos conceptos salariais e a



parte proporcional das pagas extraordinarias).

3. REQUISITOS DOS INTERESADOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP e no artigo 14 da citada orde do 26 de decembro de 2023, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, de deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

1. Nacionalidade:

1.1. Ter a nacionalidade española.

1.2. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

1.3. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

2. Certificado de estudos primarios ou equivalente. No caso de non poder achegar o certificado de estudos primarios ou documentación equivalente, o/a candidato/a deberá realizar unha declaración xurada relativa á súa escolarización

3. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes tarefas a realizar. Acreditarase mediante certificado ou informe médico oficial. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

4. Idade: ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

5. Habilitación: Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administración Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñan no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego publico.

6. Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 1. Se non pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ó proceso selectivo pero será necesaria a realización dun exercicio, segundo se especifica na cláusula cuarta.

7. Ser persoa desempregada e inscrita, como demandante de emprego non ocupada, na oficina pública de emprego de Celanova na categoría de peón forestal, o día antes da



publicación destas bases e o día anterior á contratación que no seu caso se efectúe. A estes efectos considerárase persoa desempregada aquela que permanecese sen estar de alta en ningún réxime de Seguridade Social, xa sexa a xornada completa ou parcial, polo menos o día inmediatamente anterior á publicación destas bases e o día anterior á data de inicio do contrato subvencionable.

4. -SISTEMA SELECTIVO.

O sistema de selección será o concurso-oposición. A fase de concurso realizarase en último lugar.

4.1.- FASE DE OPOSICIÓN. Puntuación máxima 6 puntos.

4.1.1 Proba práctica

Proba práctica sobre as funcións a realizar, que consistirá no manexo de maquinaria e ferramentas que se empregarán nos traballos a desenvolver; valorarase a destreza no seu manexo e o resultado final da proba realizada. A súa puntuación non poderá ser superior a 3 puntos.

4.1.2 Proba teórica

Proba teórica sobre as funcións a realizar e o coñecemento da maquinaria e ferramentas do posto de traballo. Tamén se valorará o coñecemento do territorio. A súa puntuación non poderá ser superior a 3 puntos.

4.2.- FASE DE CONCURSO. Puntuación máxima 4 puntos.

Nesta fase, non eliminatória, só se valorarán os méritos correctamente aportados ata o día da selección sen que poida ser obxecto de emenda ou subsanación da documentación presentada.

1) Cursos de formación e perfeccionamento en materia propia do posto a cubrir, valorándose ata un máximo de 1,25 puntos. Os cursos valoraranse da seguinte forma:

1. Cursos de máis de 50 horas: 0,25 puntos/curso.
2. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,10 puntos/curso.
3. Cursos de menos de 20 horas: 0,05 puntos/curso.

Non se valorarán as asistencias a xornadas, conferencias ou cursos en xeral dunha duración inferior a cinco horas. So se valoraran os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada. Os méritos non xustificadas documentalmente ou insuficientemente xustificadas non serán obxecto de valoración.

2) Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, segundo se describe no artigo 14.5 da Orde do 26 de decembro de 2023 DOG nº 17, do 24 de xaneiro de 2024. Esta preferencia será valorada con 0,50 puntos por colectivo ata un máximo de 2 puntos. Os colectivos, a valorar, son:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou

aquelas sen cualificación profesional.

c) Persoas paradas de longa duración

d) Persoas con discapacidade.

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.

h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

3) Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, valorándose 0,3 puntos as persoas que cobren subsidio de desemprego e 0,1 as que cobren a prestación por desemprego; así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,1 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 0,75 puntos.

Acreditación da situación familiar:

- Copia do Libro de familia que acredite a identidade e pertencera dos membros da unidade familiar, ou, no seu defecto, a certificado de nacemento do Rexistro Civil dos fillos/as.

- Copia do DNI/NIE do fillos/as menores de 26 anos que convivan con o/a solicitante ou que teñan a consideración de carga familiar conforme ao establecido nestas bases.

- En caso de membros da unidade familiar menores de 26 anos, non inscritos na Oficina de Emprego correspondente por estar cursando estudos en centros oficiais, matrícula ou certificado expedido polo centro, no que conste dita circunstancia.

- Certificado que acredite a situación de percepción, ou non, de prestación, subsidio ou axudas, do cónxuxe ou análogo e/ou dos fillos/as menores de 26 anos que convivan co solicitante. Este certificado poderá substituírse, por unha declaración responsable asinada polo cónxuxe ou análogo e/ou o/os fillo/s a cargo na que se declare a non percepción de prestación nin subsidio, nin calquera outra clase de axuda e na que se autorice expresamente á consulta destes datos polo Concello de A Merca na Administración Pública correspondente. En caso de ter minusvalía, resolución de recoñecemento da discapacidade.

4) Excepcionalmente, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e logo de autorización expresa da persoa responsable da respectiva xefatura territorial da Consellería de Fomento do Emprego e Igualdade, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados por traballadores sociais, se é o caso. As persoas seleccionadas polo procedemento descrito neste punto deberán, en todo caso, cumprir os requisitos establecidos no punto 3 da BASES DE SELECCIÓN.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dun/ha traballador/a destas características, acudirá a



dita bolsa seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionar ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. Así mesmo, pasarase a chamar ao/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada da bolsa non xustifique a documentación requirida no punto noveno das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa. A vixencia da presente bolsa de traballo será de nove (9) meses dende a sinatura dos contratos que den lugar ao inicio do servizo.

4.3.- COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente Lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega segundo a normativa vixente.

En caso de non posuír o CELGA 1 ou certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística o aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega mediante proba oral que se lle realizará. Esta proba valorarase como apto ou non apto e consistirá en manter un conversa no idioma galego na que o aspirante amose o coñecemento da lingua galega.

5.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA NO BOP E PRESENTACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO

O Concello de A Merca publicará un anuncio no BOP para que no prazo de tres días hábiles dende a publicación, as persoas interesadas se inscriban na oficina do Servizo Público de Emprego ou actualicen os seus méritos, a efectos de cumprir cos principios de igualdade, mérito, capacidade publicidade e transparencia da convocatoria.

Unha vez transcorrido o prazo anterior, o Concello da Merca solicitará os/as traballadores/as que necesita mediante a presentación de oferta de emprego nas Oficinas do Servizo Público de Emprego de Celanova, de acordo co art. 14 da Orde do 26 de decembro de 2023, DOG nº17, do 24 de xaneiro de 2024). A oficina pública do servizo público de emprego de Celanova, enviará os currículum dos/as candidatos/as.

A continuación, a Alcaldía ditará resolución admitindo os candidatos remitidos pola oficina pública do servizo público de emprego de Celanova, nomearase o Tribunal de selección da o lugar, data e hora de celebración do proceso selectivo.

Os/as candidatos/as presentarán declaración responsable que se axustará ao modelo que se inclúe en ANEXO I e, poderán acompañar os xustificantes dos méritos que se aleguen mediante documentos orixinais ou copias debidamente compulsadas, no rexistro xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co límite máximo do día da realización das probas

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso os interesados aceptan e sométense ás bases da presente convocatoria.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR



1.- O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía. Estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Funcionario de carreira ou persoal laboral da administración local, autonómica ou estatal.
- Secretario: Funcionario de carreira ou persoal laboral da administración local, autonómica ou estatal, que actuará con voz pero sen voto.
- Vogais: Funcionarios de carreira ou persoal laboral da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

3.- O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do/a secretario/a.

4.- O réxime xurídico aplicable aos Tribunais de selección será o que se establece para os órganos colexiados no Título Preliminar, Capítulo II, Sección 3ª da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

5.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectúase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Unha vez comenzado o proceso selectivo, os sucesivos anuncios para realizar as restantes probas deberán facerse públicos no taboleiro de edictos do Concello, na súa sede electrónica web: <http://amerca.sedelectronica.gal> do concello e taboleiro de anuncios, con 24 horas, polo menos, de antelación do comezo das probas.

7. - PROCESO SELECTIVO

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos que non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI, NIE - pasaporte ou na súa falta carné de conducir.

En primeiro lugar realizarase a fase de oposición, obrigatoria pero non eliminatória, para a continuación pasar á fase de valoración de méritos. Aqueles/as candidatos/as que non posúan o CELGA 1 ou certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, realizaran a proba oral.

8.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará a relación de candidatos/as para cada posto de traballo, pola orde de puntuación acadada, con indicación da cualificación obtida, así como do documento nacional de identidade, dando un prazo de 1 día hábil dende a publicación da puntuación na paxina web municipal e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica municipal, para que os candidatos/as presenten as alegacións que consideren oportunas á puntuación obtida.



Finalizado o prazo, e no seu caso, resoltas as alegacións, elevará proposta á Alcaldía, para proceder a continuación á formalización do contrato entre o Concello de A Merca e o/a/s aspirante/s seleccionado/a/s. O resultado publicarase na paxina web municipal e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica municipal.

Nos supostos de producirse empate, este se dirimirá por aquel aspirante seguindo os seguintes criterios e por esta orde:

- 1º. Maior puntuación obtida no apartado de Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia
- 2º.- Maior puntuación obtida no apartado de mozos menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- 3º. Maior puntuación obtida no apartado persoas paradas de longa duración
- 4º. Maior puntuación obtida no apartado persoas con discapacidade
- 5.º Maior puntuación obtida no apartado de persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.
- 6º. Maior puntuación obtida no apartado de persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- 7º. Maior puntuación obtida no apartado de Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.
- 8º. As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España
- 9º. Maior puntuación obtida no apartado de formación.
- 10º. Maior puntuación obtida no apartado da entrevista.
- 11º. Maior puntuación obtida no apartado de oposición.
- 12º. De persistir o empate terase como criterio de desempate a data e número de entrada polo rexistro municipal.

Contactarase cos aspirantes que obteñan a mellor puntuación, para que aporten os documentos necesarios, certificado médico ou informe de saúde, para a firma dos contratos.

O chamamento dos candidatos producirase vía telefónica ou por correo electrónico si se facilitara na instancia. As chamadas efectuaranse en horario de mañá, entre as 9:00 e as 14:00 horas. Caso de non ser posible a comunicación, continuarase coa seguinte persoal da lista.

Ata que se formalice o contrato o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha. O acordo definitivo de contratación que adopta a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, nas sede electrónica do concello <http://amerca.sedelectronica.gal> para xeral coñecemento.

9.- CREACIÓN DA BOLSA DE CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as que non obtivesen praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo de xeito tal que permita a contratación temporal para o desempeño de postos de traballo que se atopen vacantes para a substitución de persoal con dereito a reserva de posto de traballo por motivos tales como IT, maternidade, cobertura de vacacións, entre



outros, nos que sexa imprescindible para o normal desenvolvemento do servizo. Por Resolución de Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes que integrará a bolsa de emprego, en réxime de persoal laboral, segundo a orde de puntuación acadada no proceso selectivo, aos efectos de proceder á formalización da contratación. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios, na sede electrónica do concello.

O chamamento realizarase en función das vacantes de posto por rigorosa orde de puntuación, a través de teléfono ou carta, o aspirante deberá facilitar un número de contacto, correo electrónico e dirección postal a efecto de notificacións.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción, incluído o chamamento telefónico.

A chamada por teléfono realizarase ata dúas veces en horas distintas deixando, no seu caso, mensaxe de voz. No momento que conteste, o/a bolseiro/a terá 24 horas para achegar a documentación no Concello, senón entenderase que renuncia.

A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia destas, con indicación da data, hora e persoa ou sistema de contacto, mediante dilixencia no expediente. No caso de renuncia, o/a interesado/a pasará ao último posto da lista correspondente, salvo que concorran circunstancias que impidan o desempeño do posto e que sexan acreditadas debidamente. Nestas casos respectarase a orde do/a aspirante na lista para cando se produza a próxima vacante.

A persoa que entrase a traballar, unha vez rematado o seu contrato, reincorporarase á bolsa de emprego da súa especialidade na última posición do listado.

Os contratos de traballo non poderán ter, en ningún caso, unha duración superior á vixencia da bolsa de emprego, que se estenderá ata a finalización das situacións excepcionais recollidas no apartado primeiro destas Bases.

10- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

- Por vontade propia do solicitante.
- Por obter informe desfavorable do responsable do servizo ou no superar o período de proba o que se refire o Estatuto dos traballadores.
- Por non presentar en tempo e forma a documentación necesaria de acordo con estas bases. Por non cumprir os requisitos mínimos esixidos nestas bases.

11.- RECURSOS.

As presentes bases e cantos actos se deriven desta, poderán ser impugnadas cos medios e forma previstos da Lei 39/2015, 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na Merca, a data da sinatura electrónica.

O Alcalde -Presidente . Asdo.- José Manuel Garrido Sampedro

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ANEXO I.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. /Dna. _____ con DNI _____, con enderezo a efectos de notificación en teléfono _____; Número da seguridade Social _____; correo electrónico _____ Número de conta bancaria _____ **DECLARO** que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de dous peóns forestais e formación de bolsa de emprego, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

A Merca, ____ de _____ de 2024

Asdo.: _____

